

ANEXO III

A entidade _____ con CIF nº _____,
representada por (presidente ou secretario) _____,

respecto da convocatoria de subvencións para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia e para crear medios de información electrónica, convocada por Orde do _____, (DOG nº _____, do _____) recibiu a notificación da resolución do conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, adjudicando:

- Para a modalidade A, un importe de _____ €, para a adquisición de equipamento.
- Para a modalidade B, un importe de _____ €, para a creación de páxina web en galego.

Por iso, mediante este escrito, cumpro co trámite previsto no artigo 12 da referida convocatoria ante a Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, manifesto expresamente a ACEPTACIÓN da/s devandita/s subvención/s, comprometéndome a executar o/s proxecto/s subvencionado/s no prazo e condicións establecidas.

(data e lugar)

(sinatura)

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regula o réxime de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil.

O Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, regula no artigo 72 a posibilidade de que a Xunta de Galicia poida conceder subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil.

Conforme o Decreto 226/2003, do 11 de abril, mediante o que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, correspóndelle a esta consellería entre outras competencias, as de protección civil.

Esta consellería, a través da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, co obxecto de que as agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia poidan levar adiante o seu labor, regula o réxime de subvencións a estas para o ano 2005, e para tal efecto, na Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005 con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.231A.480.0 existe partida orzamentaria para as axudas que se establecen na orde, reservándose para tal efecto un crédito de 575.200 euros.

Na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións -os preceptos declarados básicos pola disposición derradeira primeira- no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, establécense os requisitos xerais ás subvencións e axudas concedidas pola Administración autonómica, normativa á que en consecuencia, se adaptará a presente orde, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrência.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. O obxecto da presente orde é establecer as bases que rexerán para a concesión de axudas e subvencións por importe de 575.200 euros ás agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia (AVPC), segundo recolle o artigo 72 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

2. Estas axudas, compatibles entre si, son de dous tipos:

a) De carácter xeral: para todas as agrupacións de voluntarios de protección civil, ás que se destinarán ata un máximo do 90% do importe total da subvención.

b) De carácter específico: para aquelas agrupacións de voluntarios de protección civil que dispoñan de terminais remotos do Centro de Xestión de Emerxencias 112 SOS-Galicia, a través da subscrición dun protocolo de colaboración coas autoridades de protección civil, ou estean en trámite de subscrición na data de publicación desta orde, ás que se destinarán ata un máximo do 10% do importe total da subvención.

3. O montante das axudas de carácter específico que non se destine a elas, acrecentará o montante das de carácter xeral.

Artigo 2º.-Beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións de carácter xeral, ás que se refire o artigo 1º.2 a), as agrupacións de voluntarios de protección civil de Galicia legalmente constituídas, sen fins de lucro, que no día da publicación desta orde cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas ou ter solicitada a súa inscrición no Rexistro de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil segundo se establece no artigo 59 e concordantes do Decreto 56/2000, do 3 de marzo.

b) Teñan dependencia co seu concello respectivo ou mancomunidade de concellos.

c) Aquelas que recibindo subvencións en anos anteriores, teñan xustificando o seu investimento e liquida-

ción, segundo o disposto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e artigo 15 e concordantes do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, de tal forma que a non xustificación do dito investimento e liquidación leva consigo non poder optar ás subvencións nos seguintes exercicios.

2. Poderán ser beneficiarias das subvencións de carácter específico, ás que se refire o artigo 1º.2 b), as agrupacións de voluntarios de protección civil que cumprindo os requisitos sinalados no punto 1, teñan suscrito o referido protocolo de colaboración coas autoridades de protección civil, para dispoñer dun terminal remoto ou que estean en trámite de subscripción na data de publicación desta orde.

Artigo 3º.-Destino das axudas.

a) As axudas de carácter xeral poderán ser investidas en:

1. Material de intervención inmediata e outro que estea relacionado con protección civil (socorro, salvamento, primeiros auxilios e comunicación).

2. Equipamento e vestimenta persoal, así como equipos de prevención e protección.

3. Gastos ocasionados durante as actuacións levadas a cabo pola agrupación en materia de protección civil, así como os ocasionados pola conservación e mantemento da súa base.

4. Pagamento de seguros do voluntariado de protección civil ou outro tipo de seguros relacionados co desenvolvemento do traballo e das tarefas da agrupación de voluntarios de protección civil.

5. Gastos ocasionados pola formación dos seus compoñentes.

6. Gastos ocasionados na atención de peregrinos relacionados co desprazamento e manutención dos voluntarios.

Estes gastos non poderán acumularse con outras subvencións ou axudas, nas que se solicite o mesmo.

Os gastos para xustificar nos puntos 3, 4, e 5 non poderán superar o 75% do total da subvención concedida.

b) As axudas de carácter específico poderán ser investidas en:

1. Gastos de conservación, reposición e mantemento dos equipos informáticos e de comunicación co Centro de Xestión de Emerxencias 112 SOS-Galicia.

2. Gastos de adquisición de accesorios (routers, modems) e complementos informáticos.

3. Gastos de comunicación e telefonía derivados das tarefas de colaboración co Centro de Xestión de Emerxencias 112 SOS-Galicia.

4. Gastos ocasionados pola formación específica dos seus compoñentes, para este tipo de tarefas.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. Os beneficiarios que se indican no artigo 2º que queiran acollerse a esta orde deberán presentar a solicitude de subvención, segundo o modelo que se indica no anexo I, no rexistro das delegacións provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, directamente, ou ben por calquera dos procedementos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A correspondente solicitude, dirixida ao delegado provincial, presentarase dentro do prazo de corenta días naturais, a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, á que se lle xuntará, necesariamente, a seguinte documentación:

a) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para un mesmo proxecto ou actividade, perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

b) Memoria das actuacións levadas a cabo pola agrupación no ano 2004, segundo o anexo II (en soporte papel ou informático, preferentemente no segundo).

c) Orzamento de gastos detallado segundo a clasificación sinalada no artigo 3º.

d) Fotocopia compulsada do NIF ou CIF para as agrupacións de nova creación.

e) Xustificante orixinal da entidade bancaria co número de conta que teña aberta esa agrupación.

3. Os defectos nas solicitudes seranlles notificados aos interesados polas delegacións provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, concedéndolles un prazo de dez días para emendar os erros ou omisións. Transcorrido o antedito prazo se non se producise a dita emenda, as peticións arquivaranse, de acordo co establecido na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 5º.-Instrución.

1. Unha vez recibida a documentación nas delegacións provinciais, os/as delegados/as provinciais remitirana á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, acompañada dun informe administrativo sobre o cumprimento do sinalado no artigo 4º.

2. Constituirase unha comisión de avaliación, que estará presidida polo director xeral de Interior e Protección Civil, e formada polo subdirector xeral de Protección Civil e polos catro delegados provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Protección Civil, actuando como secretario un funcionario da devandita Subdirección Xeral de Protección Civil que non terá dereito a voto.

3. A referida comisión fará unha proposta de resolución, tendo en conta os criterios sinalados no seguinte artigo que será elevada posteriormente ao órgano competente para resolver.

Artigo 6º.-Criterios de avaliación.

A concesión realizarase en réxime de concorrencia competitiva, e para a elaboración da proposta de resolución, así como a contía da axuda, teranse en conta os seguintes criterios, que serán valorados segundo a graduación que en cada caso se indica:

a) Para as axudas de carácter xeral:

1. Actividades realizadas conforme o anexo II ata un 20%.

2. Accións de colaboración e de información prestadas en emerxencias ou urxencias requiridas a través do Centro de Xestión de Emerxencias 112 SOS-Galicia ou polos Servizos Provinciais de Protección Civil da

Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, ata un 40%.

3. Ter servizo de 24 horas, ata un 10%.

4. Participación e colaboración en plans de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, ata un 10%.

5. Número de voluntarios inscritos na sección de voluntariado de protección civil do Rexistro de Protección Civil da comunidade autónoma e que dispoñan de carné oficial de voluntario, ata un 10%.

6. Participación e colaboración en labores de atención aos peregrinos, ata un 10%.

b) Para as axudas de carácter específico:

1. A operatividade de funcionamento as 24 horas durante os 365 días do ano, en comunicación permanente co Centro de Xestión de Emerxencias 112 SOS-Galicia, ata un 40%.

2. Número de protocolos activados, así como as incidencias que sexan xestionadas a través do terminal remoto, ata un 60%.

Artigo 7º.-Resolución.

1. A resolución será adoptada polo conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, tendo en conta a proposta que faga a comisión de avaliación.

2. A resolución das solicitudes de subvención notificaráselles a todos os peticionarios na forma prevista no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que, transcorridos seis meses contados desde a publicación desta orde non se ditase e notificase resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

3. Contra a resolución do conselleiro poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou recurso potestativo de reposición ante o propio conselleiro.

Artigo 8º.-Publicación.

Os resultados das concesións seranlles comunicados a cada unha das agrupacións de voluntarios de protección civil, a través das delegacións provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, e ademais publicarase no *Diario Oficial de Galicia* un extracto das resolucións de concesión de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Recibida polos beneficiarios a concesión de axudas, deberán:

a) Comunicarlles por escrito ás delegacións provinciais da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local a súa aceptación ou renuncia no prazo de 15 días; de non facelo así, entenderase que renuncia á subvención.

b) Xustificar o emprego da subvención no prazo de 30 días desde a resolución de concesión, mediante o envío das facturas (orixinal e copia compulsada) dos gastos relacionados no artigo 3º, facturas que deben

estar debidamente conformadas polo presidente da agrupación.

c) Presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, aprobadas ou concedidas pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) Facilitar a información que lle sexa requirida por esta consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

2. Toda a documentación que deba ser enviada remitirase inexorablemente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, procedéndose no caso contrario ao arquivo das actuacións.

Artigo 10º.-Envío de xustificantes.

Unha vez percibido o importe da subvención pola devandita agrupación, esta deberá enviarlle ao Servizo de Protección Civil da provincia que corresponda, no prazo de trinta días, os xustificantes de pagamento das mencionadas casas subministradoras de acordo coas anteriores facturas, segundo o modelo do anexo III desta orde. Se os pagamentos non se aboan directamente, deberán enviar xustificantes da entidade financeira a través da que se fixo a correspondente transferencia bancaria.

O Servizo de Protección Civil da provincia correspondente, unha vez examinada e comprobada toda a documentación requirida e que cumpre co indicado nesta orde, emitirá un informe de conformidade da documentación que será remitido, xunto con toda a documentación, á Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.

Artigo 11º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión e en todo caso a obtención concorrente de axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-Reintegro das axudas.

No caso de incumprimento da obriga de xustificación, do destino da axuda a unha finalidade distinta para a que foi concedida, así como no suposto de que resultase que a agrupación non reúne os requisitos exixidos nesta orde e demais disposicións aplicables, procederase ao reintegro a esta comunidade autónoma das axudas percibidas e dos xuros xerados.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Interior e Protección Civil para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2005.

Jesús C. Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO XI960A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME DA AGRUPACIÓN/ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL
Nº INSCRICIÓN NO REGISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE INTERIOR E PROTECCIÓN CIVIL

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO			
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

OBXECTO DA SOLICITUDE

SUBVENCIÓN DE:	<input type="checkbox"/> CARÁCTER XERAL	<input type="checkbox"/> CARÁCTER ESPECÍFICO
DESTINO DA SUBVENCIÓN OU AXUDA CONFORME AO INDICADO NO ARTIGO 3º DESTA ORDE		
A) AXUDAS DE CARÁCTER XERAL: <input type="checkbox"/> MATERIAL DE INTERVENCIÓN INMEDIATA . <input type="checkbox"/> EQUIPO E VESTIMENTA PERSOAL, ASÍ COMO EQUIPOS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN. <input type="checkbox"/> GASTOS OCASIONADOS DURANTE AS ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO POLA AGRUPACIÓN. <input type="checkbox"/> PAGAMENTO DE SEGUROS. <input type="checkbox"/> GASTOS OCASIONADOS POLA FORMACIÓN DOS SEUS COMPOÑENTES. <input type="checkbox"/> GASTOS OCASIONADOS NA ATENCIÓN AOS PEREGRINOS.		
B) AXUDAS DE CARÁCTER ESPECÍFICO: <input type="checkbox"/> GASTOS DE CONSERVACIÓN, REPOSICIÓN E MANTEMENTO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E COMUNICACIÓN CO CENTRO DE EMERXENCIAS 112. <input type="checkbox"/> GASTOS DE ADQUISICIÓN DE ACCESORIOS E COMPLEMENTOS INFORMÁTICOS.		
<input type="checkbox"/> GASTOS DE COMUNICACIÓN E TELEFONÍA DERIVADOS DA COLABORACIÓN CO CENTRO DE EMERXENCIAS 112 SOS-GALICIA. <input type="checkbox"/> GASTOS OCASIONADOS POLA FORMACIÓN ESPECÍFICA DOS SEUS COMPOÑENTES PARA ESTE TIPO DE TAREFAS.		

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA COMPULSADA DO NIF OU CIF DA AGRUPACIÓN SE É A PRIMEIRA VEZ QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN. <input type="checkbox"/> MEMORIA DE ACTIVIDADES DO ANO 2004 (ANEXO II EN SOPORTE PAPEL OU INFORMÁTICO). <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTOS DETALLADO SEGUNDO ARTIGO 3. <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE ORIXINAL DA ENTIDADE BANCARIA CO NÚMERO DE CONTA ABERTA A NOME DA AGRUPACIÓN. <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS PARA UN MESMO PROXECTO.
--

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 1 de abril de 2005 pola que se regula o réxime de subvencións ás agrupacións de voluntarios de protección civil.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA _____ _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Delegado/a provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO II

MEMORIA ANUAL DO ANO 2004 DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL (AVPC) QUE DEBE PRESENTAR PARA SOLICITAR SUBVENCIÓN

DATOS DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL

AVPC DE (NOME COMPLETO)			
NUM. DE REXISTRO DA AVPC (DECRETO 56/2000, DO 3 DE MARZO. POLO QUE SE REGULA A PLANIFICACIÓN, AS MEDIDAS DE COORDINACIÓN E A ACTUACIÓN DE VOLUNTARIOS, AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS E ENTIDADES COLABORADORAS EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL DE GALICIA. DOG NUM 62, DO 29 DE MARZO DE 2000)			
RÚA	NÚM.	PISO	PORTA
POLÍGONO DE	PARCELA		
CONCELLO	PARROQUIA		
LUGAR	PROVINCIA		
TELÉFONO	TELEFAX		
1º _____ 2º _____ 3º _____	1º _____ 2º _____ 3º _____		
CORREO ELECTRÓNICO			

1.- VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL

NÚMERO DE VOLUNTARIOS DADOS DE ALTA AO 01/01/2004	NÚMERO DE VOLUNTARIOS DADOS DE ALTA AO 31/12/2004
ALTAS DURANTE O ANO 2004	NÚMERO DE VOLUNTARIOS DADOS DE ALTA AO 31/12/2004 QUE DISPOÑEN DO CARNÉ DE VOLUNTARIO CONFORME O DECRETO 56/2000

2.- RESPONSABLES/CADRO DIRECTIVO DA AVPC DO ANO 2004

<i>CARGO</i>	<i>APELIDOS E NOME</i>	<i>NÚM. REXISTRO DO VOLUNTARIO (DECRETO 56/2000)</i>

NOTA: Os datos dos responsables da AVPC serán facilitados con data 31/12/2004

4.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN REALIZADAS**4.1.- FORMACIÓN RECIBIDA A TRAVÉS DA ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE (INDICAR O NÚMERO DE VOLUNTARIOS QUE OS REALIZARON)**

<i>CURSOS</i>	<i>NÚM. VOLUNTARIOS</i>
CURSO DE PRIMEIRO NIVEL BÁSICO	_____
CURSO DE SEGUNDO NIVEL	_____
CURSO DE TERCEIRO NIVEL	_____
OUTROS CURSOS OU SEMINARIOS	_____

4.2.- FORMACIÓN RECIBIDA A TRAVÉS DOUTROS ORGANISMOS OU ENTIDADES RELACIONADAS CON PROTECCIÓN CIVIL E/OU EMERXENCIAS (INDICAR)

<i>CURSOS</i>	<i>NÚM. VOLUNTARIOS</i>
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

NÚMERO TOTAL DE VOLUNTARIOS _____ NÚMERO TOTAL DE HORAS DE FORMACIÓN _____

4.3.- FORMACIÓN IMPARTIDA POLA PROPIA AVPC A PERSOAL DA AVPC, A OUTRAS ENTIDADES OU ASOCIACIÓNS, COLEXIOS, ETC. (INDICAR)

<i>CURSOS</i>	<i>NÚM. VOLUNTARIOS</i>
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

NÚMERO TOTAL DE HORAS DE FORMACIÓN _____

5.- PARTICIPACIÓN EN PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL

<i>PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL</i>	<i>DATAS</i>		<i>NÚM. DE HORAS REALIZADAS</i>	<i>NÚM. VOLUNTARIOS</i>
	<i>DESDE</i>	<i>ATA</i>		
SAPRAGA	_____	_____	_____	_____
XACOBEO 2004	_____	_____	_____	_____
TEMPORAIS	_____	_____	_____	_____
INCENDIOS FORESTAIS	_____	_____	_____	_____
INUNDACIÓNS	_____	_____	_____	_____
SECA	_____	_____	_____	_____
NEGA	_____	_____	_____	_____

6.- REQUISITOS DE INTERVENCIONES REALIZADAS A TRAVÉS DO CENTRO DE EMERXENCIAS 112 SOS-GALICIA

<i>NÚM. TOTAL DE SOLICITUDES Á AVPC</i>	<i>NÚMERO TOTAL QUE PUIDERON ATENDER</i>	<i>NÚM. DE HORAS REALIZADAS</i>	<i>NÚM. DE VOLUNTARIOS</i>
_____	_____	_____	_____

7.- PARTICIPACIÓN NOUTROS OPERATIVOS, INTERVENCIÓNS, SIMULACROS

<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>DATA</i>	<i>NÚM. DE HORAS REALIZADAS</i>	<i>NÚM. VOLUNTARIOS</i>
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

8.- OUTRAS ACTIVIDADES, ACCIÓNS (INDICAR OUTRAS ACTIVIDADES OU ACCIÓNS QUE NON SE RECOLLEN NOS PUNTOS ANTERIORES E QUE SEXAN DE INTERESE A DESTACAR POLA AVPC)

9.- INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Se así o considera a AVPC enviarase noutro diskette ou CD, outro tipo de información de interese respecto das actividades desenvolvidas pola AVPC, tales como:

- Fotos da AVPC.
- Fotos do material da AVPC.
- Fotos de operativos realizados pola AVPC.
- Gráficos e táboas de datos.
- Mapas
- ...

E todo aquilo que así o consideren.

Sinatura

Selo da AVPC

Asdo.: _____

Data: ____/____/____